CEP Plurilingüe Pedro Caselles Beltrán
Tfno: 886 110 738 Mosteiro, s/n 36740 - Tomiño
Fax: 886 110 739 Email: cep.pedro.caselles@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es/centros/ceppedrocaselles

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2019/20 – TERCEIRO TRIMESTRE

ÁREA: MATEMÁTICAS
CURSO: CUARTO

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia

ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Utilizar procesos de razoamento e estratexias de resolución de problemas, realizando os cálculos necesarios e comprobando as solución obtidas.	Reflexiona sobre o proceso de resolución de problemas, revisa as operacións utilizadas, busca outras formas de resolución etc Identifica e interpreta datos e mensaxes de textos nuéricos sinxelos da vida cotiá.
Utilizar os medios tecnolóxicos de modo habitual no proceso de aprendizaxe, buscando, analizando e seleccionando información relevante en internet ou en outras fontes.	Utiliza ferramentas tecnolóxicas para a realización de cálculos numéricos para aprender a resolver problemas.
. Ler, escribir e ordenar utilizando razoamentos apropiados, distintos tipos de números (romanos, naturais, fraccións e decimais ata as centésimas).	. Identifica os números romanos aplicando o coñecemento á comprensión de datacións. . Le, escribe e ordena en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, fraccións e decimais ata as centésimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.
. Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor.	. Descompón, compón e redondea números naturais e decimais, interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras
Coñecer, utilizar e automatizar algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números, en comprobación de resultados en contextos de resolución de problemas e en situacións da vida cotiá.	. Emprega e automatiza algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división (de ata dúas cifras) con distintos tipos de números e comprobación de resultados en contextos de resolución de problemas e en situacións cotiás. Constrúe series numéricas, ascendentes e descendentes. Estima e redondea o resultado dun cálculo valorando a resposta. . Emprega a calculadora aplicando as regras do seu funcionamento para investigar e resolver problemas.
Identificar, resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.	Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados, empregando estratexias heurísticas, de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios), creando conxecturas, construíndo, argumentando e tomando decisións. Reflexiona sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto e buscando outras formas de resolvelo.
Coñecer as unidades de medida do tempo e as súas relación, utilizándoas para resolver problemas da vida diaria.	. Resolve problemas da vida diaria utilizando as medidas temporais e as súas relacións.
Coñecer o valor e as equivalencias entre as diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea.	Coñece a función, o valor e as equivalencias entre as diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea utilizándoas tanto para resolver problemas en situación reais coma figuradas.
Coñecer as unidades de lonxitude.	. Mide con instrumentos, utilizando estratexias e unidades convencionais e non convencionais, elixindo a unidade máis axeitada para a expresión dunha medida . Suma e resta medidas de lonxitude. Expresa en forma simple a medición da lonxitude.
Recoller e rexistrar unha información cuantificable, utilizando algúns recursos sinxelos de representación gráfica: táboas de datos, bloques de barras, diagramas lineais… comunicando a información	. Realiza análise crítica e argumentada sobre as informacións que se presentan mediante gráficas estatísticas

Avaliación e cualificación	
Avaliación	Procedementos: observación das actividades realizadas, interacción profesora-alumno/a, participación activa.
	Instrumentos: rexistros de entrega de tarefas, listas de control, chamadas telefónicas, videoconferencias co alumnado, autoavaliacións e coavaliacións.
Cualificación final	Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: Seguindo o procedemento da avaliación continua, globalizadora e formativa teremos en conta a calificación obtida na segunda avaliación, de xeito que nunca será inferior a esta,polo que o traballo realizado neste período non presencial polo alumnado terase en conta positivamente ata un máximo de 1 punto sempre que a entrega fose igual ou superior ao 50% das tarefas propostas. **esta participación nunca será valorada de forma negativa **non se terán en conta na cualificación final actividades que inclúan contidos de amplicación.
Alumnado de materia pendente	Criterios de avaliación: seguiranse os criterios establecidos na programación para as diferente áreas.
	Criterios de cualificación: Terase en conta positivamente a participación e a entrega das actividades propostas ata un máximo de 1 punto polos mestre e mestras.
	Procedementos e instrumentos de avaliación: Observación con rexistro de datos, interacción mestre-alumno/a, listas de control

Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	As familias terán acceso a cualificación dos seus fillos e fillas que estará dispoñible na páxina web do centro. O contacto coas mesmas é fluído a través das canles abalar, whastapp, correo electrónico e videochamadas e videoconferencias.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.

Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	As actividades propostas teñen un carácter competencial e globalizador da aprendizaxes de xeito que se traballan múltiples contidos curriculares. Nelas preténdese que o alumnado adquira competencias básicas a partir do repaso dos contidos traballados na aula.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	As actividades envíanse diariamente a partir dos soportes abalar, whastapp, correo electrónico, chamadas telefónicas . O alumnado recibe estas estas propostas de traballo e envía as súas actividades a través de fotografías, audios, vídeos que os mestres e mestras revisamos diariamente para poder enviarlles correccións das mesmas. Nas propostas de actividades enviadas téñense en conta os seguintes principios metodolóxicos. 1. coñecementos previos do alumnado. 2. os intereses dos alumnos e alumnas. 3. Carácter lúdico e competencial. 4. Favorecer a aprendizaxe autónoma. 5. Globalizar as ensinanzas e os contidos de aprendizaxe. 6. Adaptación aos medios tecnolóxicos e diferentes ámbitos socioeconómicos e situacións persoais do alumnado.

	7. Garantir a participación dos pais para posibilitar unha continuidade no traballo así como dos distintos profesionais que interveñen na atención educativa.
Materiais e recursos	Para comunicarnos co alumnado e familias empregamos whastapp, videoconferencias, abalar, e correo electrónico. Algún alumnado conta con ordenadores e conexión a Internet. Nalgúns casos que isto non é posible empréganse as chamadas telefónicas e emprégase o teléfono móbil con datos móbiles.